


Brétemas

«Cocotibur», recreación do mito da Coca de Rafael Fernández Lorenzo

20 DE MARZO DE 2021 EN [A](#)

[PORTADA](#), [AUTORES](#), [CULTURA](#), [LECTURAS](#), [LITERATURA INFANTIL E](#)
[XUVENIL](#), [NOVIDADES](#), [ONTE](#), [XERAIS](#)



Gratísima sorpresa que [Rafael Fernández Lorenzo](#) volva publicar na colección Merlín onde hai dúas décadas o fixera con *As flores do meu amigo* (Xerais 2000), novela de fondo histórico na que recreaba o mundo de trovadores e xogares. Faino con *Cocotibur* (Xerais 2021), novela na que reinterpreta con grande acerto o mito da Coca de Redondela, criatura fantástica de corazón duro coma unha rocha ca ninguén puido derrotar, o único animal que non sabe o que é o medo, tarasca monstruosa con cabeza de dragón, cola de serpe e catro patas con gadoupas, chegada polo mar capaz de devorar a sete mozas

da vila. Adoptando a estrutura do conto marabilloso, Rafael Lorenzo recrea o mito da tarasca na ría de Vigo nun tempo histórico impreciso, seguindo o fío da desaparición inicial de tres rapazas que semella foran engulidas polo mar, feito que mobiliza á comunidade mariñeira toda a desfacer o meigallo de semellante encantamento.

Lorenzo ofrece unha narración engaiolante, ilustrada con sobriedade por [Esteban Souto](#), onde flúen con naturalidade todos os episodios do mito choqueiro por excelencia, dende as espadas dos setes metais coñecidos ao carballo das cen pólas de Reboreda, cerca onde se baña a serea, sen esquecer o territorio máxico da illa de San Simón no illó da ría á orixe do baile de penlas e burras e danza de espadas o día de Corpus. Unha óptima mestura de mitos e costumes que fan desta novela de Rafael Lorenzo un referente na nosa narración do marabilloso. Mención merece a coidada lingua literaria de todo o texto, con enfase na fraseoloxía mariñeira da ría, onde Lorenzo homenaxea ao mestre Bernardino Graña, e na recuperación do cancionaior popular. Recomendo vivamente *Cocotibur*. Parabéns moitos ao autor.